

PROTOCOLO PAU 2026

A Proba de Acceso á Universidade (PAU) terá unha convocatoria ordinaria en xuño e unha extraordinaria en xullo de 2026. A Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), órgano competente para a organización da PAU, desenvolve o seguinte **protocolo** a partir da experiencia de anos anteriores.

1. CONDICIÓNNS NAS COMISIÓNS DELEGADAS

1.1. A CIUG disporá dun **número de comisións delegadas** que garantan as condicións de seguridade nas aulas e os accesos a estas.

1.2. A CIUG nomeará **vogais suficientes** para que todas as aulas das comisións queden atendidas de xeito adecuado. Nas comisións en que sexa preciso haberá vogais voantes para apoio nas aulas, nos espazos comúns e nas zonas de tránsito. A CIUG avisará con antelación suficiente a todo o persoal docente de ensino superior e medio da posibilidade de participar nas comisións delegadas.

1.3. A maior parte das comisións terán sede en **facultades e escolas universitarias dos campus**, agás as comisións de Cee, Viveiro, A Rúa, con sede nos institutos habituais, a comisión na EPAPU Río Lérez de Pontevedra, e a comisión no Centro de Recursos Educativos da ONCE na cidade de Pontevedra. As normas xerais son de cumprimento para todas as comisións.

1.4. Os **horarios dos exames** serán publicados e comunicados con suficiente antelación. A CIUG mantén o criterio de evitar a coincidencia de todas as materias comúns o primeiro día da proba e a conseguinte aglomeración do estudantado.

1.5. Os membros das comisións delegadas serán os encargados de aplicar as normas para, na medida do posible, evitar **aglomeracións** do estudantado nos centros en que se realicen a proba.

1.6. O día previo á proba, as caixas cos exames chegarán nun **furgón de seguridade** ás comisións delegadas. A presidencia da comisión deberá recollelas, abrilas para comprobar se os paquetes e a cantidade de exames remitidos concorda co número de estudantado previsto e gardalas nun lugar seguro para a súa custodia.

1.7. A presidencia da comisión comprobará coa antelación suficiente as condicións de **conexión a Internet** na sede da comisión delegada. As incidencias deberán ser introducidas canto antes no programa NERTA (por exemplo, estudantado ausente) e comunicadas ao Tribunal Único.

1.8. A presidencia da comisión comprobará a dispoñibilidade e correcto funcionamento dun **equipo de reprografía** no centro de celebración das probas ou na súa proximidade.

1.9. O mesmo día de constitución das comisións delegadas a presidencia da comisión reunirse coas persoas **representantes dos centros de ensino medio** co fin de organizar con antelación as entradas e saídas do estudantado, como se indica no apartado de control de acceso (3).

2. MEDIDAS INFORMATIVAS XERAIS

2.1. A presidencia da comisión delegada comprobará que na entrada do centro onde se celebran os exames estean ben visibles **carteis informativos** de axuda para o estudiantado (identificación da comisión, identificación das aulas, etc.).

2.2. Nas localidades onde se considere necesario, a CIUG solicitará a colaboración das concellerías competentes para que activen reforzos de **transporte público** para o acceso ao campus durante a celebración da proba.

3. NORMAS DE ACCESO AOS CENTROS

3.1. **Non se prevén medidas restritivas específicas de acceso** aos centros onde se celebren a proba, agás as determinadas polas propias facultades.

3.2. Os membros da comisión delegada, seguindo instrucións da presidencia, encargaranse de que as **entradas e saídas** do centro e da aula se realicen de xeito ordenado. Prégase especial atención á entrada para a presentación no primeiro día das probas. A presidencia da comisión designará vogais para colaborar na organización previa na contorna dos centros.

3.3. Nos centros con máis dunha entrada, sobre todo se están en distintos niveis ou contan con portas frontais e traseiras, organizarase o acceso distribuíndo previamente ao estudiantado. Para este fin contarase coa **colaboración das persoas representantes dos centros de ensino medio**.

3.4. Prégase especial atención na hora de **presentación** do primeiro día das probas. O estudiantado deberá estar presente ás 9:00 horas e acudir coa antelación suficiente de acordo co horario determinado para cada un dos exames. O estudiantado que se presente só á parte voluntaria, poderá acudir de modo directo aos exames nos días correspondentes aos seus exames; non é preciso que se presente o día da presentación das probas.

3.5. Unha vez realizada a prematrícula o estudiantado poderá revisar os seus datos na aplicación Informática Nerta. Se detecta algún erro debe dirixirse ao seu centro de Bacharelato solicitando que o corrixa antes das 12:00h do 22 de maio para a Convocatoria Ordinaria e do 19 de xuño para a Extraordinaria. Non é posible facer ningún cambio na matrícula despois destas datas. O estudiantado que se examine dunha opción distinta á que figure na súa matrícula, anularáselle o exame da materia ou materias que non figuren na mesma.

3.6. No momento da presentación, cando o estudiantado estea xa colocado na aula, a presidencia da comisión ou os vogais responsables da aula lembrarán de forma breve as **normas básicas de actuación**, explicadas na constitución da comisión delegada.

4. NORMAS DE ACCESO Á AULA

4.1. O estudantado accederá ás aulas do centro a pé; os ascensores deberán deixarse só para uso das persoas que realmente os precisen e para os seus posibles acompañantes.

4.2. No momento da presentación, os vogais da comisión delegada, coa colaboración das persoas representantes dos centros de ensino medio, colocarán o estudantado formando **filas** nas que se debe respectar unha distancia interpersoal prudente.

4.3. O estudantado será **chamado de viva voz**, individualmente, identificado (coa axuda do representante do centro, se fose preciso) e colocado no seu posto dentro da aula polos vogais. De xeito xeral, o estudantado debe ocupar o mesmo posto en todos os exames da proba. A identificación de cada estudante será cun documento acreditativo oficial. En base ao RD 255/2025, que impulsa o uso do DNI no móbil coa App MiDNI, tamén será posible identificarse deste xeito, ao mesmo tempo que se lembra que está prohibido o acceso á aula con calquera tipo de dispositivo electrónico, incluídos os teléfonos móbiles.

4.4. O estudantado recibirá xogos de **etiquetas adhesivas** con código de barras, garante da súa identificación e anonimato. Deberá levalas sempre consigo en bo estado, evitando o contacto co xel desinfectante ou con outros líquidos, que poden danalas e inhabilitar a súa lectura. En caso de perda ou deterioro, deberá comunicalo á comisión delegada, que as repoñerá ou substituirá por unhas etiquetas de incidencias. Os membros das comisións terán conta de que en ningún caso se recollerán exames sen as etiquetas correspondentes.

4.5. O estudantado **deberá levar consigo**: etiquetas, documento de identificación (DNI, pasaporte, permiso de residencia, etc.), resguardo de matrícula e xustificante de pagamento, bolígrafo ou pluma de tinta indeleble azul ou negra.

4.6. O estudantado **poderá levar consigo**: xel desinfectante, panos de usar-tirar e bebida (auga ou refresco en botella transparente sen etiquetado).

4.7. O estudantado poderá acudir aos exames cos seguintes **materiais específicos**:

- **Diccionario latín/español ou galego** para o exame de *Latín II*, con apéndice gramatical, pero sen páxinas de contidos literarios, que, no seu caso, deberán ser extraídas ou grampadas. Non está permitido ningún caderno solto nin ningún diccionario que non sexa orixinal.
- **Diccionario de grego/español ou galego** para o exame de *Grego II*, con apéndice gramatical. Non está permitido ningún caderno solto nin ningún diccionario que non sexa orixinal.
- Material de **debuxo, pintura e complementario** para os exames que impliquen deseño, debuxo técnico ou artístico e técnicas gráfico-plásticas. Material indicado nas circulares, directrices e orientacións dos respectivos Grupos de Traballo.
- **Calculadora**, sen capacidade de programación e sen capacidade gráfica, para os exames de *Matemáticas II*, *Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais*, *Física*, *Química*, *Empresa e deseño de modelos de negocio e Ciencias xerais*. Os membros da comisión delegada poden comprobar se a calculadora cumpre os requisitos; de non ser así, será retirada e non poderá ser substituída por outra.

4.8. O estudantado non poderá acceder á aula con **teléfono móbil, reloxo** ou calquera outro dispositivo electrónico activados. De darse o caso, poderá ser obxecto de medida disciplinaria (expulsión da aula, cualificación do exame con 0 puntos ou anulación total da proba). Tampouco

poderá utilizar ningún dispositivo de escoita non autorizados (ver 5.3). Os responsables das aulas deberán informar con claridade desta norma ao inicio das probas.

4.9. O estudantado poderá introducir na aula unha **mochila, carteira ou bolsa de deporte**, con todas as súas pertenzas, incluídas comida e bebida, sempre que cumpra as normas específicas de prevención en materia de saúde e sempre que non introduzan dispositivos electrónicos non autorizados.

5. NORMAS DE DISTRIBUCIÓN E PERMANENCIA NA AULA

5.1. O número de **estudiantado e vogais por aula** nos centros en que se realizan as probas atenderá aos seguintes criterios:

- O número máximo de **estudantes por aula** será o mesmo que para os exames presenciais de grao nas facultades e escolas universitarias.
- As aulas con menos de 40 persoas contarán cun **vogal fixo e outros voantes**; as de máis de 40 contarán con **dous vogais fixos e outros voantes**.

5.2. A **distribución do estudantado na aula** deberá cumprir, na medida do posible, os seguintes indicacións:

- Deixar **asentos libres entre estudantado da mesma fila**.
- **Intercalar estudantado entre filas sucesivas**, de xeito que non queden xusto detrás dos compañeiros das filas adxacentes.
- **Distanciar máis** o estudantado naqueles sectores da aula onde sexa posible.
- Asumir que a aula será aproveitada, como máximo, na **metade da súa capacidade total**.

5.3. O estudantado, unha vez disposto polos vogais nos seus asentos, deberá manter **despexados os pavillóns auditivos** para comprobación, sen molestias, de que non leva dispositivos non autorizados. O estudantado usuario de próteses auditivas (audífonos e/ou implantes) poderá utilizalas durante toda a proba, sempre que o teña notificado con anterioridade á CiUG. Tamén poderán empregar dispositivos móbiles as persoas que así o precisen para controis médicos, sempre que o teñan notificado con anterioridade á CiUG.

5.4. O reparto de material de exame (cadernos, etiquetas, etc.) será función exclusiva dos vogais. Unha vez distribuídos os exames, o estudantado deberá **permanecer na aula polo menos 30 minutos**. Tamén deberán cumprir esta norma os vogais e representantes de centros de ensino medio, salvo indicación expresa da presidencia da comisión delegada.

5.5. Transcorridos os 30 minutos, o estudantado que desexe abandonar a aula sen realizar o exame deberá entregar a algún dos vogais o caderno de **exame en branco** pero debidamente etiquetado, así como o folio cos enunciados do exame. En calquera caso, os exames deben ser entregados aos vogais presentes nas aulas, non deben deixarse nas mesas nin nos pupitres. O estudantado de NEAE atenderá ao seu horario específico.

5.6. Só os membros das comisións delegadas poderán **dispoñer dos enunciados dos exames**. Ninguén poderá fotografalos nin difundir o seu contido durante a realización da proba. Os

exames serán colgados na páxina oficial da CIUG ao concluír a quenda da mañá e ao remate da xornada.

5.7. Nos lugares onde se celebre a proba haberá **reloxos** ben visibles para o control do tempo de exame. Se non os houberse, un vogal informará periodicamente do tempo que falta para o remate de cada exame.

5.8. Os exames terán que ser **anónimos**. Non poderán presentar sinaturas, cores ou calquera marca que permita a identificación. O incumprimento desta norma poderá ser causa de anulación do exame.

5.9. En cada materia entregaráselle ao estudiantado **cadernos de exame** con dúas follas A3 dobradas e grampadas que dan lugar a unha primeira portada en A4 na que non se pode escribir, e sete páxinas A4 en branco. Tamén se entregará unha cabeceira adhesiva. O estudiantado poderá escribir nas sete páxinas A4 en branco e non deberá engadir nin arrincar páxinas do caderno.

5.10. Cada exame constará de **catro preguntas obrigatorias**; unha sempre de resposta única, as restantes, con posibilidade ou non de elección entre apartados. Se respondese máis preguntas das permitidas, só serán corrixidas as primeiras respondidas ata o número máximo permitido.

5.11. Se un membro da comisión delegada detectase a alguén **copiando ou non respectando estas instrucións**, despois da súa identificación, poderá ser obxecto de medida disciplinaria segundo o establecido na convocatoria da PAU (expulsión da aula, cualificación do exame con 0 puntos ou anulación total da proba).

5.12. A **recollida dos exames** farase evitando aglomeracións e mantendo sempre unha distancia interpersonal prudente. O estudiantado entregarálle o exame en man a un vogal, quen comprobará se cumpre todos os requisitos e colocará o caderno xunto cos do mesmo centro de ensino medio. Rematada a recollida dos cadernos na aula, os vogais levarán os exames á sede da comisión para seren barallados, etiquetados e metidos en sobres polo persoal administrativo colaborador.

5.13. Ao final de cada exame, o estudiantado deberá saír da aula de forma ordenada e mantendo en todo momento unha distancia interpersonal prudente. É necesario advertir ao estudiantado de que fóra da aula non poderá permanecer nos corredores e que deberá **abandonar o centro**.

6. NORMAS ESPECÍFICAS

6.1. O **estudiantado en illamento por COVID ou causas asimilables**, debidamente acreditadas, que estando matriculado na convocatoria ordinaria de xuño non poida presentarse, pero poida facelo na extraordinaria de xullo, será considerado, para os efectos de acceso ao Sistema Universitario Galego (SUG), estudiantado de convocatoria ordinaria. O calendario do procedemento de acceso fai que a convocatoria extraordinaria de xullo sexa a derradeira oportunidade de presentarse á PAU 2026.

6.2. Os membros das comisións delegadas velarán para que durante o desenvolvemento das probas se preste especial atención ao **estudiantado con diversidade funcional ou necesidades específicas**. De acordo co establecido no artigo 4 da Orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte PCI/12/2019 (BOE 25/01/2019), adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal do estudiantado con

necesidades específicas de apoio educativo.

6.3. O estudiantado que tivo resposta positiva ás súas solicitudes de **adaptacións específicas**, segundo o procedemento establecido na CIUG, realizará a proba na comisión delegada que lle foi notificada. Esta pode ser a do Centro de Recursos Educativos da ONCE en Pontevedra, para os casos de alto grao de discapacidade documentada, ou nas comisións designadas en cada campus, cos medios humanos e materiais precisos (asistencias, apoios, axudas técnicas, ampliacións de exames, lecturas comprensivas, ampliacións de tempos, etc.). Se necesita un acompañante, deberá comunicalo á CIUG con anterioridade, co fin de autorizar a súa presenza nas proximidades da aula de exame.

6.4. O estudiantado con **problemas auditivos ou visuais**, se precisa situarse na aula nun lugar específico deberá comunicarllelo con antelación aos vogais.

6.5. Os vogais serán os encargados da **ventilación das aulas**. Deberán manter abertas as ventás entre e durante os exames. Recomendarase tamén abrir a porta ou portas, cando sexa posible.

6.6. Rematado o exame de cada materia, os cadernos recollidos polos vogais serán levados á secretaría da comisión delegada para a súa **custodia** en lugar seguro, ata posterior traslado á CIUG e entrega aos correctores.

7. DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

As presentes normas de protocolo son publicadas con antelación, de acordo coa lexislación vixente e as circunstancias actuais sanitarias. Con todo, estas medidas están supeditadas a posibles modificacións normativas que indiquen as autoridades sanitarias e educativas.

En Santiago de Compostela, 21 de Abril de 2026.

Iván Area Carracedo
Delegado da UVIGO
(Presidente CIUG)

Víctor Arce Vázquez
Delegado da USC
(Vicepresidente CIUG)

Elisa Beceiro González
Delegada da UDC
(Vicepresidenta CIUG)